

CONCELLO  
DE VIGO



PROGRAMACIÓN



Biblioteca Xosé Neira Vilas  
Concello de Vigo

2017  
ABR-XUÑ



## A HORA DOS CONTOS

Hora: 18.00 h

Público infantil dende 3 ata 10 anos

Prazas: 30 prazas por sesión




Balea: Fernández & González

Venres, 7 de abril



Felipe Caxoto

Venres, 12 de maio



Trini Puentes

Venres, 9 de xuño

A hora dos contos é un proxecto de animación á lectura no que nos visitan diferentes contadores coas súas maletas cargadas de historias, coa fin de fomentar entre o público máis pequeno o gusto polos libros e a lectura.

## ENTRE ARROLOS E CONTIÑOS

Hora: 18.00 h

Bebés dende 12 meses ata 3 anos máis acompañantes adultos

Prazas: 30 prazas por sesión

Venres, 21 de abril

Venres, 19 de maio

Venres, 23 de xuño



Inscripción\*: a partir do día 1 do mesmo mes ás 10.30h (agás domingos, festivos e luns pola mañá)

Os bebés compartirán con aqueles que os coidan un momento de pracer, lonxe do ruído e os quefaceres cotiáns, espertando xa nos seus primeiros anos de vida un interese pola literatura e a tradición oral a través de contos, cancións e pequenos xogos.

## CLUB DE LECTURA

Hora: 19.00 h

De outubro a xuño

1º e 3º xoves de cada mes

Persoas socias do club

Prazas: 25 prazas



O club de lectura é un grupo de persoas afeccionadas á lectura que se reunirá dúas veces ao mes na biblioteca para comentar e valorar un libro proporcionado pola propia biblioteca coa axuda da coordinadora Marila Ruíz. O club está concibido para todas aquelas persoas con inquiredanzas culturais, ganas de ler e de intercambiar ideas e opinións con outras persoa lectoras.

## CONTOS DAKÍ

Hora: 19.30 h

Público adulto

Son historias cheas de humore retranca que de seguro non han deixar indiferentes a todas aquelas persoas que teñan o pracer de escoitalas.



**Paula Carballeira**  
Venres, 28 de abril



**Yoshi Hioki**  
Venres, 26 de maio

## MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS

Público xeral

Horario de apertura da biblioteca

### LIBROS PROHIBIDOS

Do 1 ao 30 de abril



### DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Carlos Casares

Do 2 ao 31 de maio



### AS ARTES EN VIGO

A BIBLIOTECA SAE  
DO ARMARIO

Do 1 ao 30 de xuño



## OBRADOIRO O TEAR DE CONTOS

Martes 11 e mércores 12 de abril

Horario: 11.00 a 13.00h

Público infantil maiores de 8 anos

Inscripción\*: a partir das 10.30 h do día 29 de marzo

Prazas: 15 participantes

Dunha forma lúdica achegamos ao público infantil á creación dun tear, co que cada participante realizará o seu tecido.



## ¡PASEN I ESCOITEN! ¡PASEN I LEAN!

Oficina de Voluntariado do Concello de Vigo

Mércores, 19 de abril

Hora: 19.00 h - Público adulto

Trátase de lecturas públicas de textos a cargo do Voluntariado do Concello de Vigo que teñen como fio condutor a obra de Miguel Hernández.



## PRENDE NO COLO - Luis Prego

Xoves, 20 de abril ás 18.00h

Inscripción\*: a partir das 10.30 h do día 4 de abril

Prazas: 25 bebés por sesión cos seus acompañantes adultos

Bebés ata 3 anos e os seus acompañantes

O SNL do Concello de Vigo en colaboración coa Biblioteca Neira Vilas organizan este obradoiro que servirá de base para que poidan cantar e xogar as familias na casa.

Prende no Colo

Obradoiro didáctico para pais e nais con crianzas de 0 a 3 anos



## DÍA DO LIBRO Os contos da mesa de noite

Luns, 24 de abril ás 18.00 h

Prazas: 30 prazas

Público infantil maiores de 3 anos


Este proxecto comezou cando a narradora Bea Campos atopou dúas mesas de noite. O artista plástico Miguel Saguido axudoulle a facer da súa idea unha realidade: pintámonas e descubriu que nelas estaba escondido un teatro con música, luz e lixeiras.





**OBRADOIRO DE ESCRITURA CREATIVA****Martes 9 e xoves 11 de maio****Horario: de 18.00 a 20.00 h****Inscripción\*:** a partir das 10.30 h do día 18 de abril**Prazas: 15 prazas****Público infantil entre 8 e 12 anos**

O SNL e a Biblioteca Xosé Neira Vilas ofrecen un obradoiro de escritura creativa dirixido polo escritor Xabier Xil Xardón e pensado para os escritores máis novos.

**ACHEGATE A INTERNET****Programa de alfabetización dixital****Mércores 10 e venres 12 de maio****Horario: 10.00 a 12.00 h**

**Público adulto** a partir de 16 anos sen coñecementos de informática ou Internet

**Inscripción\*:** a partir das 10.30 h do 2 de maio**Prazas: 6 prazas**

Proxecto de alfabetización dixital que ten como finalidade formar na busca/asimilación de información e no manexo das novas tecnoloxías.

**DÍA DAS LETRAS GALEGAS****Soledad Felloza****Contos de Carlos Casares****Mércores, 16 de maio ás 19.30 h****Público adulto**

Sesión especial de contos dirixidos ao público adulto da man de Soledad Felloza.

**FEIRA DO LIBRO 2017 - Porta do Sol****Do 29 de xuño ao 8 de xullo****Público xeral****Horario: De 11.00 a 14.00 e de 17.30 a 22.00h**

A Biblioteca ofrece a este proxecto literario, onde se atopan as diferentes personalidades do sector das letras, as novidades editoriais, actividades, etc. estando presente cunha boleta na que amosará os servizos e as actividades que ofrece os próximos días.

CONCELLO  
DE VIGO



## Biblioteca Xosé Neira Vilas Concello de Vigo

Avenida Martínez Garrido, 21. 36205 Vigo  
Teléfono: 986 267 759  
E-mail: [bpneiravilas@vigo.org](mailto:bpneiravilas@vigo.org)  
web: <http://bibliotecaneiravilas.vigo.org>  
Libro electrónico: <http://ebookvigo.org>  
[www.vigocultura.org](http://www.vigocultura.org)

### Inscrición:

pode facerse de forma presencial na biblioteca, mandando un correo electrónico a [bpneiravilas@vigo.org](mailto:bpneiravilas@vigo.org) indicando os seus datos (nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono e correo electrónico) ou ben a través do teléfono 986 267 759. A actividade é gratuita e as prazas cóbrense por orde de inscrición.

### Normas de inscrición:

[bibliotecaneiravilas.vigo.org/normas-nas-actividades](http://bibliotecaneiravilas.vigo.org/normas-nas-actividades)

Atentos á recomendación do mes!



Séguenos!

